



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

Título orixinal: DIE UNENDLICHE GESCHICHTE

A primeira edición do libro foi publicada en 1979.

Ende, *Die Unendliche Geschichte* © 2004, Thieneman Verlag (Thieneman Verlag), Stuttgart/Wien

© Da tradución: 2017, Antón Palacio, a partir da tradución de Miguel Sáenz, Loqueleo, 2016.

© Desta edición: 2017, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-10-5

Depósito legal: M-1079-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: xuño de 2017

Directora da colección:

Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Rosa Marín,

Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Cuberta:

José María Lema

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

A  
HISTORIA  
INTERMINABLE

MICHAEL  
ENDE

oqueleg



**LIBROS DE OCASIÓN**  
**Propietario: Karl Konrad Koverlander**

7

Esta era a inscrición gravada na porta de cristal dunha tenda pequena, pero, naturalmente, só se podía ver así cando se miraba para a rúa, a través do cristal, desde o interior en penumbra.

Fóra ía unha mañá fría e gris de novembro, e chovía a cachón. As gotas esvaraban polo cristal e sobre as adornadas letras. O único que se podía ver a través da porta era unha parede toda mollada pola chuvia, ao outro lado da rúa.

De súpeto, abriron a porta con tanto ímpeto que unha pequena restra de campaiñas de latón que penduraba sobre ela, asustada, púxose a repenicar, sen acougar durante un bo anaco.

O causante do barullo era un rapazolo cativo e gordo, duns dez ou once anos. Tiña un pelo castaño escuro que lle caía chorreando pola cara, traía o abrigo todo enchoupado da chuvia e, pendurada dunha correa, levaba ao lombo unha carteira de colexial. Estaba un chisco pálido e sen folgos, pero, en contraste coa présa que traía, permaneceu na soleira da porta coma cravado no chan.

Ante el tiña un cuarto longo e estreito, que se perdía no fondo en penumbra. Nas paredes había andeis que chegaban ata o teito, ateigados de libros de todo tipo e tamaño.

No chan amoreábanse montóns de enormes libros e nalgunhas mesiñas había moreas de libros máis pequenos, encadernados en coiro e con lombos que brillaban coma o ouro. Detrás dun muro de libros tan alto coma un home, que se alzaba no outro extremo do cuarto, víase o resplandor dunha lámpada. Desa zona iluminada elevábase de cando en vez un anel de fume, que ía aumentando de tamaño e se esvaecía despois máis arriba, na escuridade. Era coma eses sinais con que os indios se comunican noticias de outeiro a outeiro. Estaba claro que alí había alguén e, en efecto, o mozote oíu unha voz bastante brusca que, desde detrás do muro de libros, lle dicía:

—Quede apampado dentro ou fóra, pero bote pola porta, que hai corrente.

O mozote obedeceu e cerrou a porta con suavidade. Despois achegouse ao muro de libros e osmou ao outro lado. Alí, nun butacón de orellas de coiro desgastado, estaba sentado un home groso e repoludo. Levaba un traxe negro engurrado que parecía moi usado e poeirento. Un chaleco floreado suxeitáballe o bandullo. O home era calvo e só por riba das orellas lle brotaban unhas guedellas de pelo branco. Tiña unha cara rubia que lembraba a dun bulldog deses que morden. Encol do nariz, cheo de vultos, levaba unhas lentes pequenas e douradas, e fumaba nunha pipa curva, que lle penduraba da comisura dos beizos e lle torcía toda a boca. Encol dos xeonllos tiña un libro en que estaba claro que estivera lendo, porque, ao cerralo, deixara entre as páxinas o gordo dedo índice da man esquerda... como sinal de lectura, por dicilo así.

O home quitou as lentes coa man dereita, contemplou o pequeno e gordo mozote que estaba ante el pingando e, ao

facelo, engurraba os ollos, o que aumentou a impresión de que ía morder, e limitouse a borboriñar «Vaia por Deus!». Despois volveu abrir o libro e seguiu coa súa lectura.

O rapazolo non sabía moi ben que facer, e por iso se limitou a permanecer alí, mirando para o home cos ollos ben abertos. Por fin, deixando, coma antes, o dedo entre as páxinas, o home cerrou o libro outra vez e refungou:

—Mira, rapaz, eu non dou aturado os nenos. Ben sei que está de moda facer moitos espaventos cando se trata de vós..., pero iso non che vai comigo! Non me gustan os nenos nadiña. Para min non son máis ca uns estúpidos choróns e uns pesados que o estragan todo, enchen os libros de manchas de marmelada e ráchanlles as páxinas, e aos que lles importa un carafio que os maiores teñan tamén os seus problemas e as súas preocupacións. Dígocho só para que saibas a que te ater. Ademais, non teño libros para nenos, e os outros non chos vou vender. Quedouche claro?

Todo iso dixérao sen quitar a cachimba da boca. Despois abriu o libro de novo e continuou lendo.

O rapacete asentiu en silencio e deu a volta para marchar, pero dalgún xeito pareceulle que non debía aceptar sen protesta aquela carda, e por iso se volveu outra vez e dixo en voz baixa:

—Non todos lle son así.

O home alzou amodo a vista e quitou de novo as lentes.

—Aínda segues aí? E logo que hai que facer para librarse de ti, quéresmo dicir? Que era iso tan importantísimo que acabas de dicir?

—Non lle era importante —respondeu o rapazolo en voz máis baixa aínda—. Só que... non todos os nenos son como vostede di.

—Vaia! —O home arqueou as cellas finxindo abraio—. Entón, ti es sen dúbida unha excepción, non si?

O rapaz gordo non soubo que responder. Só encolleu lixeiramente os ombros e virouse outra vez para marchar.

—Vaia educación! —Oíu dicir ás súas costas a aquela voz rosmona—. Desde logo, non che sobra, porque, aínda se polo menos te presentases...

—Chámanme Bastián —dixo o rapacete—. Bastián Baltasar Bux.

10 —Éche un nome ben raro —refungou o home—, con eses tres bes. Ben, diso non tes culpa porque non te bautizas ti. A min chámanme Karl Konrad Koreander.

—Tres kas — dixo o rapaz con seriedade.

—Mmm —refungou o vello—. É certo! —E lanzou unhas nubiñas de fume—. Ben, tanto ten como nos chamen, porque non nos imos ver máis. Agora só queredes saber unha cousa e é por que entraches na miña tenda con tanta présa. Daba a impresión de que fuxías de algo. É certo?

Bastián asentiu. A súa cara redonda púxose de súpeto un chisco máis pálida e aínda regalou máis os ollos.

—Ben seguro que roubaches unha caixa rexistradora —suxeriu o señor Koreander—, ou que mataches algunha vella ou algunhas desas cousas que facedes agora. Perségue-te a policía, fillo?

Bastián negou coa cabeza.

—Veña, fala —dixo o señor Koreander—. De quen faxes?

—Dos outros.

—Quen son os outros?

—Os nenos da miña clase.



—E logo por que?

—Porque... porque non me deixan en paz.

—Que é o que che fan?

—Agardan por min diante do colexio.

—E que?

—Chámanme cousas. Danme empuxóns e rinse de min.

—E ti déixaste? —O señor Koreander mirou o rapaz un momento con desaprobación e despois preguntou—: E por que non lles partes os dentes?

Bastián mirou para el abraiado.

11

—Non... non quero. Ademais... non lle son moi bo boxeando.

—E que tal a loita? —quixo saber o señor Koreander—. Correr, nadar, fútbol, ximnasia... Non se che dá ben nada diso?

O rapaz dixo que non coa cabeza.

—Noutras palabras —dixo o señor Koreander—, que es un frouxo, non?

Bastián encolleu os ombros.

—Pero falar si que sabes —dixo o señor Koreander—. Por que non lles contestas cando se meten contigo?

—Xa o fixen unha vez...

—E que pasou?

—Metéronme nun colector do lixo e ataron a tapa. Estiven dúas horas chamando ata que me oíu alguén.

—Mmm —refungou o señor Koreander—, e agora xa non te atreves.

Bastián asentiu.

—Ou sexa —deduciu o señor Koreander—, que ademais es un cagán.

Bastián abaixou a cabeza.

—E seguramente tamén un lambecús, non? O mellor da clase, con sobresaíntes en todo, e enchufado con todos os profesores, non é?

—Non —dixo Bastián conservando a vista baixa—. O ano pasado suspendéronme.

—Mi madriña! —exclamou o señor Koreander—. Unha nulidade completa.

Bastián non dixo nada. Só permaneceu alí, cos brazos abaixo e o abrigo pingando.

12

—Como che chaman para se mofaren de ti?

—Non sei... todo o que lles vén á cabeza.

—Coma tal?

—Gordo! Bazuncho! Metido nun bote! Se o bote se afunde, que o gordo se afunda! Non dana o que abunda!

—Non che é moi enxeñoso —opinou o señor Koreander—. E que máis?

Bastián vacilou antes de facer unha enumeración.

—Atolado, badoco, troleiro, contiñeiro...

—Atolado? Por que?

—Porque ás veces falo só.

—De que, por exemplo?

—Imaxino historias, invento nomes e palabras que non existen aínda, e cousas dese xeito.

—E cóntalas para ti mesmo? Por que?

—Pois porque non lle interesan a ninguén.

O señor Koreander quedou un anaco en silencio, pensativo.

—E que din diso os teus pais?

Bastián non respondeu deseguida. Só ao cabo dun anaco borbóriñou:

—Meu pai non di nada. Nunca di nada. Tanto lle ten todo.

—E túa nai?

—Non teño.

—E logo os teus pais están separados?

—Non —dixo Bastián—. Mi madre está morta.

Naquel momento soou o teléfono. O señor Koreander ergeuse con certo esforzo do seu butacón e entrou arrastrando os pés nun cuartiño que había na parte máis alta da tenda. Descolgou o teléfono e Bastián oíu confusamente que o señor Koreander pronunciaba o seu nome. Despois, a porta do despacho cerrouse e só deu oído un murmurio apagado.

13

Bastián púxose de pé sen saber moi ben o que lle pasara nin por que contara e confesara todo aquilo. Detestaba que lle fixesen preguntas. De repente, decatouse con horror de que ía chegar tarde ao colexio; era verdade, tiña que bulir, correr... pero ficou onde estaba, sen se dar decidido. Había algo que o detiña, non sabía o que.

No despacho seguía oíndose a voz apagada. Foi unha longa conversa telefónica.

Bastián decatouse de que, durante todo o tempo, estivera mirando fixamente o libro que o señor Koreander tivera nas mans e que agora estaba na butaca de coiro. Non podía quitarlle os ollos de enriba. Era coma se o libro tivese unha especie de magnetismo que o atraese irresistiblemente.

Achegouse á butaca, estendeu a man, tocou o libro... e nese intre algo fixo clic! no seu interior, coma se se cerra-se unha trampa. Bastián tivo a vaga sensación de que, con aquel contacto, comezara algo irrevogable que agora seguiría o seu curso.

Colleu o libro e mirouno por todos os lados. As cubertas eran de seda de cor cobre e brillaban cando o libro se movía. Ao follealo por riba, viu que o texto estaba impreso en dúas

cores. Non parecía que tivese ilustracións, pero si unhas letras capitulares grandes e fermosas. Mirando con máis atención a portada, descubriu nela dúas serpes, unha clara e outra escura, que se mordían mutuamente o rabo e formaban un óvalo. E nese óvalo, en letras caprichosamente entrelazadas, estaba o título:

## A historia interminable

14

As paixóns humanas son un misterio, e aos nenos pásalles o mesmo ca aos maiores. Os que se deixan levar por elas non atopan explicación, e os que non as viviron non poden comprendelas. Hai homes que xogan a vida para subir a unha montaña. Ninguén, nin sequera eles, pode explicar realmente por que. Outros arruínanse para conquistar o corazón dunha persoa que non quere saber nada deles. Outros destrúense a si mesmos por non saberen resistir os praceres da mesa... ou da bebida. Algúns perden canto teñen para ganar nun xogo de azar, ou sacrificano todo a unha teima fixa que xamais poderá realizarse. Uns cantos cren que só van ser felices nalgún lugar distinto, e percorren o mundo durante toda a súa vida. E uns poucos non acougan ata que conseguen ser poderosos. En resumo: hai tantas paixóns distintas coma homes distintos hai.

A paixón de Bastián Baltasar Bux eran os libros.

Quen non teña pasado nunca tardes enteiras diante dun libro, coas orellas ardéndolle e o pelo caído sobre a cara, lendo e lendo, esquecendo o mundo e sen se decatarse de que tiña fame ou de que estaba quedando teso de frío...

Quen nunca teña lido en segredo á luz dunha lanterna, baixo a manta, porque papá ou mamá ou algunha outra persoa dilixente lle apagou a luz co argumento ben intencionado de que ten que durmir, porque mañá hai que se erguer cediño...

Quen nunca teña chorado aberta ou disimuladamente bágoas amargas porque unha historia marabillosa acababa e había que lles dicir adeus a personaxes cos que correra tantas aventuras, aos que quería e admiraba, polos que temera e esperara, porque sen a compañía deles a vida lle parecía baleira e sen sentido...

Quen non coñeza todo iso por propia experiencia probablemente non dará comprendido o que Bastián fixo entón.

Mirou fixamente o título do libro e sentiu asemade frío e calor. Iso era, exactamente, o que tiña soñado tan a miúdo e o que, desde que se entregara á súa paixón, viña desexando: unha historia que non acabase nunca! O libro de todos os libros!

Tiña que conseguilo, custase o que custase!

Custase o que custase? Iso era ben fácil de dicir! Aínda que puidese ofrecerlle máis dos tres marcos e cincuenta pfénnig que levaba no peto..., aquel antipático señor Ko-reander déralle a entender con toda claridade que non lle vendería libro ningún. E, desde logo, non llo ía regalar. A cousa non tiña solución...

E, aínda así, Bastián sabía que non podía marchar sen o libro. Agora decatábase de que precisamente por aquel libro entrara alí, de que aquel libro o chamara dun xeito misterioso porque quería ser seu, porque, en realidade, pertencéralle sempre!

Bastián escoitou atentamente o murmurio que, o mesmo ca antes, viña do despacho.

Antes de decatarse do que facía, metera moi de présa o libro baixo o abrigo e suxeitábao contra o corpo con ambos os brazos. Sen facer ruído ningún, dirixiuse á porta da tenda andando de recú e mirando entrementes temerosamente para a outra porta, a do despacho. Levantou o picaporte con cautela. Quería evitar que as campaiñas de latón soasen e abriu a porta de cristal só o suficiente para poder escapar por ela. Silenciosa e coidadosamente, cerrou a porta por fóra.

16

E só entón botou a correr.

Os cadernos, os libros do colexio e a caixa dos lapis saltaban e choqueleaban na súa carteira ao ritmo das súas pernas. Sentiu unha aguilloada no costado, pero seguiu correndo.

A chuvia escorregáballe pola cara e metíaselle polo pescozo. O frío e a humidade empapábanlle o abrigo, pero Bastián non o notaba. Sentía calor, e non era só de correr.

A súa conciencia, que antes, na tenda, calara coma un peto, espertara de repente. Todas as razóns que foran tan convincentes parecéronlle de pronto totalmente incríbles, e fundíronse coma monecos de neve baixo o bafo dun dragón.

Roubara. Era un ladrón!

O que fixera era aínda peor incluso ca un roubo corrente. Aquel libro era seguramente un exemplar único e insubstituíble. Sen dúbida fora o maior dos tesouros do señor Koreander. Quitarlle a un violinista o seu violín único ou a un rei a súa coroa era peor ca roubar o diñeiro dun banco.

Mentres corría, apertaba o libro contra o peito, por debaixo do abrigo. Non quería perdelo por moi caro que lle custase. Era todo o que lle quedaba no mundo.

Porque, naturalmente, á casa non podía volver.

Intentou imaxinar o seu pai, sentado no amplo cuarto preparado como laboratorio e traballando. Arredor del había dúcias de baleirados de escaiola de dentaduras humanas, porque era protético dental. Bastián non pensara nunca se a seu pai lle gustaba realmente aquel traballo. Agora ocrúselle por primeira vez, pero xa non podería preguntarllo nunca.

Se volvese á casa agora, o seu pai sairía do taller coa súa bata branca e, quizais, cunha dentadura de escaiola na man, e preguntarlle: «Xa de volta?». «Si», diría Bastián. «Non hai colexio hoxe?». Bastián viu ante si a cara tranquila e triste do seu pai e decatouse de que lle ía ser imposible mentir. Pero tampouco podía dicirlle a verdade. Non, o único que podía facer era marchar a calquera parte, moi lonxe. O seu pai non debía saber nunca que o seu fillo se convertera en ladrón. E quizais nin se decatase de que Bastián xa non estaba. A idea resultaba incluso un chisco acougadora.

Bastián deixara de correr. Agora andaba amodo e, ao final da rúa, viu o edificio do colexio. Sen se dar de conta, tomara o seu camiño habitual. A rúa parecelle baleira, aínda que había persoas aquí e acolá. Pero, a quen chega tarde ao colexio o mundo que o rodea parécelle sempre morto. De todos os xeitos, dáalle medo o colexio, escenario dos seus fracasos diarios; dábanlle medo os profesores, que lle rifaban amablemente ou descargaban sobre el as súas iras; dábanlle medo os outros nenos, que se rían del e non perdían oportunidade de demostrarlle o zoupón e o débil que era. O colexio parecéralle sempre como unha pena de prisión longuísima, que ía durar ata que medrase e que el tiña que cumprir con muda resignación.

Pero, agora, cando ía polos seus corredores cheos de ecos, que ulían a cera de pisos e a abrigo mollado, cando o sinistro silencio da casa lle entupiu de pronto os oídos coma unhas febras de algodón e cando, finalmente, estivo diante da porta da súa clase, pintada da mesma cor espinaca seca ca as paredes, comprendeu que tampouco alí se lle perdera nada. Tiña que marchar. E o mellor era facelo xa.

Pero, a onde?

18

Bastián tiña lido nos libros historias de rapaces que se enrolaban nun buque e ían correr mundo para faceren fortuna. Algúns facíanse tamén piratas ou heroes, e outros volvían ricos á súa patria, uns anos máis tarde, sen que ninguén sospeitase quen eran.

Pero Bastián non se atrevía a facer algo así. Nin sequer podía imaxinar que o aceptasen como grumete. Ademais, non tiña a menor idea de como chegar a un porto onde houbera buques apropiados para esas arriscadas empresas.

Entón, a onde?

E, de pronto, ocorréuselle un lugar axeitado, o único en onde —polo menos, de momento— non o buscarían e encontrarían.

O faiado era enorme e escuro. Cheiraba a po e a naftalina. Non se oía ruído ningún, salvo o suave tamborilar da chuvia sobre as pranchas de cobre do xigantesco tellado. Fortes trabes, ennegrecidas polo tempo, saían a intervalos regulares do sollado, uníndose máis arriba a outras vigas da armazón do tellado e perdéndose nalgún punto da escuridade. Aquí e acolá colgaban teas de araña, grandes coma hamacas, que se bambeaban suave e fantasmalmente no aire. Do alto, onde había unha bufarda, baixaba un resplandor leitoso.



A única cousa viva naquel medio, en onde o tempo parecía deterse, era un ratiño que saltaba sobre o sollado, deixando no po pegadas diminutas. Alí onde arrastraba o rabiño quedaba entre as pegadas das súas patas unha raíña delgada. De pronto endereitouse e escoitou. E despois —hush!— desapareceu por un burato que había nas táboas.

Oíuse o ruído dunha chave na gran pechadura. A porta do faiado renxeu e abriuse amodo e, durante un instante, unha longa franxa de luz atravesou o cuarto. Bastián meteu-se dentro e cerrou despois empuxando a porta, que renxeu outra vez. Meteu unha gran chave na pechadura e fíxoa xirar. Despois botou ademais o ferrollo e deu un suspiro de alivio. Agora si que non poderían atopalo. Ninguén o ía buscar alí. Só moi raras veces viña alguén —diso estaba bastante seguro!— e, incluso se a casualidade quería que precisamente hoxe ou mañá alguén tivese algo que facer alí, quenquera que fose atoparía pechada a porta. E a chave non estaría. No caso de que, a pesar de todo, abrisen a porta, Bastián tería tempo abondo para agocharse entre os cachifallos.

Pouco e pouco, os seus ollos íanse afacendo á penumbra. Coñecía o lugar. Seis meses antes, o porteiro do colexio pedíralle que o axudase a transportar un gran cesto de roupa cheo de vellos formularios e papeis que había que deixar no faiado. Entón Bastián vira onde se gardaba a chave da porta: nun armariño que había na parede, xunto ao tramo superior da escaleira. Desde aquela non volvera pensar niso. Pero agora lembrárase outra vez.

Bastián comezou a tremelicar, porque tiña o abrigo enchoupado e alí arriba ía moito frío. Polo de pronto, tiña que buscar un lugar onde poñerse un pouco máis cómodo. Á fin e ao cabo, tería que estar alí moito tempo. Canto?... Niso

non quería pensar de momento, nin tampouco en que pronto había ter fame e sede.

Andou un pouco por alí.

20 Había toda clase de trastes, tirados ou de pé; andeis cheos de arquivadores e de atados non utilizados había tempo, moreas de pupitres manchados de tinta, un bastidor do que colgaba unha ducia de mapas antigos, varios encerados coa pintura negra escunchada, estufas de ferro oxidadas, aparellos de ximnasia inservibles, como un pol-dro de coiro tan agretado que lle saía o recheo, balóns de osíxeno picados e unha morea de colchonetas de ximnasia vellas e manchadas, ademais dalgúns animais disecados, medios comidos pola traza, entre eles unha enorme curuxa, unha aguia real e un raposo, toda clase de retortas e probetas fendidas, unha máquina electrostática, un esqueleto humano que colgaba dunha especie de armario da roupa, e moitas caixas e caixóns cheos de vellos cadernos e libros escolares. Bastián decidiuse finalmente a facer habitable a morea de colchonetas vellas. Cando un se botaba enriba delas, sentíase case coma nun sofá. Arrastrounas ata debaixo da bufarda, onde a claridade era maior. Cerca había, amoreadas, unhas mantas militares de cor gris, desde logo moi poeirentas e rotas, pero perfectamente aproveitables. Bastián colleunas. Quitou o abrigo mollado e colgouno xunto ao esqueleto no roupeiro. O esqueleto bambeouse un pouco, pero a Bastián non lle daba medo. Quizais porque estaba afeito a ver na súa casa cousas parecidas. Quitou tamén as botas empapadas. En calcetíns, sentou ao estilo árabe sobre as colchonetas e, coma un indio, botou as mantas grises polos ombros. A carón del tiña a carteira... e o libro de cor cobre.

Pensou que os outros, na clase de abaixo, debían estar dando precisamente Lingua. Quizais tivesen que escribir unha redacción sobre algún tema aburridísimo.

Bastián mirou o libro.

«Gustaríame saber —pensou— o que pasa realmente nun libro cando está cerrado. Naturalmente, dentro hai só letras impresas sobre o papel, pero, con todo..., algo debe de pasar, porque cando o abro aparece de pronto unha historia enteira. Dentro hai persoas que non coñezo aínda, e todas as aventuras, fazañas e pelexas posibles... e ás veces prodúcense tormentas no mar ou chégase a países ou cidades exóticos. Dalgún xeito, todo iso está no libro. Para vivilo hai que lelo, iso está claro. Pero está dentro xa antes. Gustaríame saber de que maneira».

E de socato sentiu que o momento era case solemne.

Sentouse dereito, colleu o libro, abriuno pola primeira páxina e comezou a ler

## A Historia interminable



1

# Santasia en perigo





candanseus buratos, niños e tobos dirixíanse todos os animais do Bosque de Haule.

Era media noite, e nas copas das vellísimas e xigantescas árbores zoaba un vento tempestuoso.

Os troncos, grosos coma torres, renxían e xemían.

De súpeto, un resplandor suave cruzou en zigzag polo bosque, quedou tremendo aquí ou acolá, levantou o voo, pousouse nunha póla e apresurouse a continuar. Era unha esfera luminosa, aproximadamente do tamaño dunha pelota, que daba grandes saltos, rebotaba de vez en cando no chan e volvía flotar no aire. Pero non era unha pelota.

Era un fogo fatuo. E extraviárase. Un fogo fatuo infatuado, o que resulta bastante raro, incluso en Fantasia. Normalmente, son os fogos fatuos os que fan que outros se infatúen.

No interior do redondo resplandor víase unha figura pequena e moi viva, que saltaba e corría a máis non poder. Non era un homiño nin unha mulleriña, porque esas diferenzas non existen entre os fogos fatuos. Levaba na man dereita unha diminuta bandeiriña branca, que ondeaba ás súas costas. Tratábase, pois, dun mensaxeiro ou de alguén que ía parlamentar.

Non había perigo de que, nos seus grandes saltos aéreos na escuridade, batese contra o tronco dalgunha árbore, porque os fogos fatuos son incrivelmente áxiles e lixeiros e poden cambiar de dirección no medio dun salto. A iso se debía a súa ruta en zigzag, porque, en xeral, movíase sempre nunha dirección determinada.

Ata que chegou a un saliente rochoso e recuou asustado. Alasando coma un cadeliño, sentou na cavidade dunha árbore e reflexionou un anaco, antes de atreverse a asomar de novo e mirar con precaución ao outro lado da roca.

Ante el estendíase un claro do bosque e alí, á luz dunha fogueira, había tres personaxes de clase e tamaño moi distintos. Un xigante que parecía feito de pedra gris e que tiña case dez pés de longo estaba deitado sobre o bandullo. Apoiaba nos cúbados a parte superior do seu corpo e miraba para a cacharela. No seu rostro de pedra erosionada, que resultaba estrañamente pequeno sobre os seus ombros poderosos, a dentadura sobresaíalle coma unha fileira de ciceis de aceiro. O fogo fatuo decatouse de que o xigante pertencía á especie dos manxarrocas. Eran seres que vivían inconcibiblemente lonxe do Bosque de Haule, nunha montaña... pero non só vivían nesta montaña, senón tamén dela, porque a ían comendo pouco e pouco. Alimentábanse de rocas. Afortunadamente, eran moi frugais e un só bocado dese alimento, para eles sumamente nutritivo, bastáballes para semanas e meses. Ademais, non había moitos manxarrocas e, por outra parte, a montaña era moi grande. Pero como aqueles seres vivían alí desde había moito tempo —eran moito máis vellos ca a maioría das criaturas de Fantasia—, a montaña, co paso dos anos, adquirira un aspecto moi raro. Parecía un xigantesco queixo de Emmental



cheo de buratos e cavernas. Sen dúbida, por iso a chamaban a Montaña dos Túneles.

Pero os manxarrocas non só se alimentaban de pedra, senón que facían dela todo o que necesitaban: mobles, sombreiros, zapatos, ferramentas... incluso reloxos de cuco. E por iso non resultaba moi sorprendente que aquel manxarrocas tivese detrás unha especie de bicicleta totalmente feita do citado material, con dúas rodas que parecían grosas pedras de muíño. En conxunto, a bicicleta parecía unha api-soadora con pedais.

O segundo personaxe que se sentaba á dereita da fogueira era un pequeno silfo nocturno. Como moito, era dúas veces maior ca o fogo fatuo e parecía unha eiruga negra coma a pez, cuberta de pelos, posta de pé. Xesticulaba vivamente ao falar, coas súas diminutas manciñas de cor rosa, e alí onde, baixo uns pelos negros e revoltos, debía ter a cara, ardían dous grandes ollos, redondos coma lúas cheas.

Silfos nocturnos, das formas e tamaños máis variados, había en Fantasia por todas as partes e, por iso, non se podía saber a primeira vista se aquel viñera de cerca ou de lonxe. De todos os xeitos, parecía estar tamén de viaxe, porque a montura habitual dos silfos nocturnos —un gran morcego— colgaba boca abaixo, envolto nas súas alas coma un paraugas cerrado, dunha póla situada detrás del.

Ao terceiro personaxe do lado esquerdo da fogueira só o descubriu o fogo fatuo ao cabo dun anaco, porque era tan pequeno que, desde aquela distancia, só podía velo con dificultade. Pertencía á especie dos diminutenses, e era un pequerrecho moi fino, cun traxiño de cores e un sombreiro de copa vermello na cabeza.

O fogo fatuo non sabía case nada sobre os diminutenses. Só unha vez oíra dicir que ese pobo construía cidades enteiras nas pólas das árbores, nas que as casiñas estaban unidas entre si por escaleiriñas, escadas de corda e escoregadoiros. Aínda así, aquela xente vivía nunha parte totalmente distinta do reino sen fronteiras de Fantasia, máis lonxe, moito máis lonxe aínda ca os manxarrocas. Por iso era tanto máis estraño que a cabalgadura que aquel diminutense tiña ao seu lado fose un caracol. Estaba detrás del. Sobre a súa cuncha de cor rosa brillaba unha seliña de montar prateada, e tamén o bocado e as rendas que lle suxeitaban os cornos brillaban coma fíos de prata.

O fogo fatuo marabillouse de que aqueles seres tan diversos sentasen xuntos harmoniosamente, porque, polo común, en Fantasia, non todas as especies vivían en paz e harmonía. Adoito había loitas e guerras, existían tamén rivalidades de séculos entre determinadas especies e, ademais, non só había criaturas boas e honradas, senón tamén raspiñeiras, perversas e crueis. O propio fogo fatuo pertencía a unha familia á que podían poñérselle reparos en materia de credibilidade e fiabilidade.

Só despois de contemplar un anaco a escena se decatou o fogo fatuo de que os tres personaxes levaban unha bandeiriña branca ou unha banda tamén branca cruzada no peito. Así pois, eran todos mensaxeiros ou parlamentarios, e iso explicaba, desde logo, que se comportasen tan pacificamente.

Non estarían de viaxe, a fin de contas, polas mesmas razóns ca o fogo fatuo?

O que falaban non se podía entender desde lonxe, a causa do vento zoador que sacudía as copas das árbores. Pero,

como se respectaban mutuamente en calidade de mensaxeiros, quizais recoñecerían tamén como tal o fogo fatuo e non lle farían nada. E, á fin e ao cabo, tiña que preguntarlle a alguén o camiño. Sería difícil que se presentase unha oportunidade mellor en pleno bosque e en plena noite. Así pois, decidiuse, saíu do seu agocho axitando a bandeiriña branca e ficou tremendo no aire.

O manxarrocas, que tiña o rostro volto cara a el, foi o primeiro que o viu.

—Hai moitísimo tráfico esta noite —dixo con voz rinchadora—. Velaí chega outro.

—Uuiui, un fogo fatuo! —moumeou o silfo nocturno, e acendéronselle os ollos de lúa—. Alégrome, alégrome!

O diminutense ergueuse, deu uns pasiños cara ao que acababa de chegar e rechouchiou:

—Se non me trabuco, vostede está aquí tamén en calidade de mensaxeiro?

—Estou —dixo o fogo fatuo.

O diminutense quitou o sombreiro de copa vermello, fixo unha pequena reverencia e chiridou:

—En tal caso, achéguese, por favor. Tamén nós lle somos mensaxeiros. Sente.

E, cun xesto de invitación, sinalou co sombreiriño o sitio libre que quedaba a carón da fogueira.

—Moi agradecido —dixo timidamente o fogo fatuo, achegándose máis—, con licenza. Permítanme que me presente: chámome Blubb.

—Encantado —respondeu o diminutense—. Eu chámome Úckuck.

O silfo nocturno inclinouse sen se levantar:

—O meu nome é Vúschvusul.

—Moito gusto en coñecerte —rechouchiou o manxarocas—. En son Pyernrajzark.

Os tres miraron o fogo fatuo, que desviou a mirada nervioso. Aos fogos fatuos resúltalles moi desagradable que os miren descaradamente.

—E logo non quere sentar, amigo Blubb? —preguntou o diminutense.

—A verdade é que levo moita présa —respondeu o fogo fatuo— e só quería preguntaros como chegar desde aquí ata a Torre de Almafí.

30

—Uiui! —dixo o silfo nocturno—. Queres ver á Emperatriz Infantil?

—Exacto —respondeu o fogo fatuo—. Teño unha mensaxe moi importante que lle transmitir.

—Que mensaxe? —ganiu o manxarocas.

—É que... —o fogo fatuo cambiou o peso do seu corpo dunha perna a outra— é unha mensaxe secreta.

—Os tres temos a mesma misión ca ti... Uiui! —respondeu Vúschvusul, o silfo nocturno—. Estamos entre colegas.

—É posible que incluso levemos a mesma mensaxe —opinou Úckuck, o diminutense.

—Senta e cóntanos —rechiou Pyerrajzark.

O fogo fatuo instalouse no sitio libre.

—A miña patria —comezou a dicir, despois de reflexionar un chisco— encóntrase bastante lonxe de aquí... Non sei se algúns dos presentes a coñece. Chámase Podrepan-tano.

—Uiui! —suspirou encantado o silfo nocturno—. Un lugar marabilloso!

O fogo fatuo sorriu debilmente.

—Verdade que si?

—E que máis? —ganiu Pyerrajzark—. Por que estás aquí, Blubb?

—En Podrepantano, o noso país —seguiu dicindo entrecortadamente o fogo fatuo— ocorreu algo... algo incomprendible... É dicir, está ocorrendo aínda... É difícil describilo... empezou por... é dicir... Ben, ao leste do noso país hai un lago... ou, mellor dito, *había*... chamado Cálidocaldo. E todo empezou porque, un día, o lago de Cálidocaldo xa non estaba alí... Simplemente, desaparecera, comprendedes?

—Quere dicir —preguntou Úckuck— que secou?

—Non —repuxo o fogo fatuo—, en tal caso habería agora alí un lago seco. Pero non é así. Onde estaba o lago non hai nada... Simplemente nada, comprendedes?

—Un burato? —rosinou o manxarrocas.

—Non, tampouco un burato. —O fogo fatuo parecía cada vez máis desamparado—. Un burato é algo. E alí non hai nada.

Os outros tres mensaxeiros intercambiaron miradas.

—Que aspecto ten.. uiui... esa nada? —preguntou o silfo nocturno.

—Iso é precisamente o que é tan difícil de describir —asegurou o fogo fatuo con tristeza—. En realidade, non se asemella a nada. É como... como... Ben, non hai palabras para describilo!

—Coma se un quedase cego ao mirar ese lugar, non si? —ocorréuselle ao diminutense.

O fogo fatuo contemplouno coa boca aberta.

—Iso é exactamente! —exclamou—. Pero, de onde... ? Quero dicir, como... ou é que tamén coñecesese...?

—Un momento! —interveu o manxarrocas con voz rinchante—. Iso ocorreu nun só lugar?

32 —Ao principio si —explicou o fogo fatuo—; é dicir, o lugar fíxose cada vez maior. Cada vez faltaba algo máis na rexión. O Supersapo Sumpf, que vivía co seu pobo no lago de Cálidocaldo, desapareceu de repente. Outros habitantes comezaron a fuxir. Pero pouco e pouco empezou tamén noutros lugares de Podrepantano. Ás veces era, ao principio, moi pequeno, unha cousiña de nada, do tamaño dun ovo de galiña. Pero eses lugares ancheaban. Se alguén, por descoido, poñía o pé neles, o pé... ou a man... ou calquera cousa que entrase alí desaparecía tamén. Polo demais, non é doloroso... o único que pasa é que, ao que sexa, fáltalle de pronto un anaco. Algúns mesmo se tiraron dentro intencionadamente, ao ver que se achegaban demasiado á Nada. Ten unha forza de atracción irresistible, que se fai tanto máis intensa canto maior é o lugar. Ningún de nós se daba explicado o que era esa cousa horrible, de onde viña nin o que se podía facer contra ela. E, como por si soa non desaparecía, senón que se estendía cada vez máis, finalmente acordouse enviar un mensaxeiro á Emperatriz Infantil para pedirlle consello e axuda. E ese mensaxeiro son eu.

Os outros tres miraban ante si en silencio.

—Uiui! —Oíuselle dicir ao cabo dun anaco á voz queixo-sa do silfo nocturno—. Alí de onde eu veño ocorre exactamente o mesmo. E estou aquí coa mesma misión.... Uiui!

O diminutense volveu o rostro cara ao fogo fatuo.

—Cada un de nós —rechouchiou— vén dun país distinto de Fantasia. Atopámonos aquí por pura casualidade. Pero todos traemos a mesma mensaxe para a Emperatriz Infantil

—O que quere dicir —xemeu o manxarrocas— que Fantasia enteira está en perigo.

O fogo fatuo mirounos un tras outro, cun susto de morte.

—Entón —exclamou poñéndose en pé dun chimp— non hai un segundo que perder!

—De todos os xeitos, iamos marchar xa —explicou o diminutense—. Só fixeramos un alto por mor da impenetrable escuridade deste Bosque de Haule. Pero agora que está con nós, Bluub poderá iluminarnos.

—Imposible! —exclamou o fogo fatuo—. Non podo agardar por alguén que vén montado nun caracol.

—Pero se é un caracol de carreiras! —dixo o diminutense un algo amolado.

—E, ademais... uiuui! —bisbou o silfo nocturno—. Se non, non che imos dicir a dirección!

—Con quen estades falando? —gruñiu o manxarrocas.

Porque a verdade era que o fogo fatuo non oíra xa as últimas palabras dos outros mensaxeiros, senón que se ía afastando a grandes saltos polo bosque.

—Ben —dixo Úckuck, o diminutense, botando cara atrás o sombreiro vermello de copa—, como iluminación de estrada, o fogo fatuo non había ser, de todos os xeitos, o máis axeitado.

Ao mesmo tempo saltou á cadeira do seu caracol de carreiras.

—Tamén eu —declarou o silfo nocturno chamando cun suave ¡uiui! ao seu morcego— preferiría que cada un viaxase pola súa conta. A fin de contas, vou polo aire!

E zas!, desapareceu.

O manxarrocas apagou a fogueira simplemente batendo nela unhas cantas veces coa palma da man.

—Tamén eu o prefiro —oíuselle rechar na escuridade—. Así non terei que me preocupar de non esmagar calquera cousa diminuta.

E oíuselle penetrar no bosquiño sobre a súa potente bicicleta, con toda clase de renxeduras e estalos. De cando en vez chocaba xordamente con algún xigante arbóreo e oíase-lle rechar e gruñir. Moi amodiño, o estrépito foise afastando na escuridade.

Úckuck, o diminutense, quedou só. Colleu as rendas de fío de prata e dixo:

34

—Ben, xa veremos quen chega antes. Vamos, vello, vamos!

E chascou a lingua.

E despois non se oíu nada máis ca o vento tempestuoso, que zoaba nas copas das árbores do Bosque de Haule.

O reloxo da torre próxima tanxeu as nove.

Só de mala gana volveron á realidade os pensamentos de Bastián. Alegráboos que a Historia Interminable non tivese nada que ver con esa realidade.

Non lle gustaban os libros en que, con mal humor e de forma avinagrada, se contaban acontecementos totalmente correntes da vida de persoas totalmente correntes. Diso xa había bastante na realidade e ¿por que había que ler ademais sobre iso? Por outra banda, amoláboos bastante cando se decataba de que o querían convencer de algo. E nesa clase de libros, máis ou menos claramente, sempre o querían convencer a un de algo.

Bastián prefería os libros apaixonantes, ou divertidos, ou que facían soñar; libros en que os personaxes inventados



vivían aventuras fabulosas e nos que un podía imaxinar de todo.

Porque iso sabía facelo..., quizais fose o único que realmente sabía facer: imaxinar algo tan claramente que case podía velo e oílo. Cando se contaba a si mesmo as súas historias, adoito esquecía todo o que o rodeaba e espertaba só ao final, coma dun soño. E aquel libro era exactamente da mesma clase ca as súas propias historias! Ao lelo, non só oíra o renxer dos grosos troncos e o zoar do vento nas copas das árbores, senón tamén as distintas voces dos catro estraños mensaxeiros, e incluso imaxinara que percibía o olor do mofo e do chan do bosque.

Abaixo, na clase, pronto comezaría a hora de Ciencias Naturais, que consistía principalmente en contar pistilos e estames de flores. Bastián aledouse de estar alí arriba no seu agocho e poder ler. Era exactamente o libro axeitado para el, pensou, exactamente o axeitado!

Unha semana despois, Vúschvusul, o pequeno silfo nocturno, chegou á meta o primeiro. Ou, máis ben, estaba convencido de que era o primeiro, porque chegara polos aires.

Era a hora do solpor, e as nubes do ceo do serán parecían de ouro líquido, cando se decatou de que o seu morcego se peneiraba xa sobre o Labirinto. Ese era o nome dunha gran chaira que se estendía de horizonte a horizonte, e que non era outra cousa que un xardín inmenso, ategado de turbadores recendos e de cores de soño. Entre arbustos, sebes, prados e macizos coas flores máis estrañas e extraordinarias discorrían largos camiños e estreitas vereas de forma tan artística e arrevesada que o xardín enteiro

formaba un labirinto de increíble extensión. Naturalmente, aquel labirinto só se construíra para xogar e divertirse, e non para poñer gravemente en perigo a ninguén nin para se defender contra atacante ningún. Para iso non serviría nin tampouco a Emperatriz Infantil necesitaba esa protección. En todo o reino sen fronteiras de Fantasia non había ninguén de quen tivese que gardarse. Iso debíase a algo que axiña imos saber.

36

Mentres o pequeno silfo nocturno, sen facer ruído ningún, planaba co seu morcego sobre aquel labirinto de flores, puido observar toda clase de estraños animais. Nun pequeno claro, entre lilas e chuvias de ouro, xogaba unha grea de unicornios noviños ao sol crepuscular, e unha vez ata lle pareceu que vira, baixo unha enorme campánula azul, a famosa ave fénix no seu niño, pero non estaba seguro de todo nin tampouco quixo volver para comprobalo, para non perder tempo. Porque agora aparecía xa ante el, no medio do Labirinto e relucindo en forma marabillosa, a Torre de Almafí: o corazón de Fantasia e a residencia da Emperatriz Infantil.

A palabra *torre* quizais lle podía dar a alguén que non vira nunca o lugar unha falsa impresión, coma se se tratase da torre dunha igrexa ou dun castelo. A Torre de Almafí era tan grande coma unha cidade. Desde lonxe, parecía un picacho alto e aguzado, retorto sobre si mesmo coma a cuncha dun caracol e cun cume que chegaba ás nubes. Só ao se achegar se vía que aquel inmenso poste de azucre se compoñía de innumerables torres, cúpulas, tellados, miradores, terrazas, arcos, escaleiras e balaustradas, que se entrecruzaban e entrelazaban uns con outros. Todo era do marfil máis branco de Fantasia, e cada detalle estaba tan

soberbiamente labrado que case se tomaba polo máis fino encaixe.

En todos aqueles edificios vivía a corte que rodeaba a Emperatriz Infantil: tesoureiros e serventas, sabias e astrólogos, magos e bufóns, mensaxeiros, cociñeiros e acróbatas, funámbulos e narradores de historias, heraldos, xardineiros, gardiáns, xastres, zapateiros e alquimistas. E arriba de todo, na punta máis alta da maxestosa torre, vivía a Emperatriz Infantil nun pavillón que tiña a forma dun abrocho de magnolia. Algunhas noites, cando a lúa chea brillaba no ceo estrelado de forma especialmente grandiosa, as follas de marfil abríanse e convertíanse nunha espléndida flor, no centro da cal estaba sentada a Emperatriz Infantil.

37

O pequeno silfo nocturno aterrou co seu morcego nunha das terrazas baixas, onde estaban as cortes dos cabalos. Ao parecer, alguén debiera de anunciar a súa chegada, porque xa o agardaban cinco coidadores imperiais de animais, que o axudaron a baixar da sela, inclináronse ante el e despois, en silencio, ofrecéronlle a libación cerimonial de benvida. Vúschvusul probou apenas do vaso de marfil, para gardar as formas, e despois devolveuno. Os coidadores beberon tamén cadanseu grollo, e despois todos se inclinaron de novo e levaron o morcego ás cortes dos cabalos. Todo se desenvolveu en silencio.

Cando o morcego chegou ao lugar que lle estaba destinado, non tocou a bebida nin a comida, senón que se enrolou axiña sobre si mesmo, colgouse do seu gancho coa cabeza cara abaixo e caeu nun profundo sono de esgotamento. O que esixira del o pequeno silfo nocturno fora un chisco excesivo. Os coidadores deixárono en paz e marcharon con pés de la.

Naquela corte, por certo, había moitas cabalgaduras: un elefante rosa e outro azul, un xigantesco grifón, que parecía unha aguija na parte superior e un león na inferior, un cabalo branco alado, cun nome que fora coñecido outrora fóra de Fantasia, pero que agora se esquecera, algúns cans voadores, tamén outros morcegos e mesmo cabaliños do demo e bolboretas para xinetes especialmente pequenos. Noutras cortes había ademais outras cabalgaduras que non voaban, senón que corrían, reptaban, saltaban ou nadaban. E tiñan cadanseus coidadores especiais para servilas e asealas.

O normal sería que se oíse un considerable barullo de voces: bramidos, berros, asubíos, rechouchíos, cantos de ra e grallos. Pero reinaba un silencio total.

O pequeno silfo nocturno estaba aínda no sitio en que o deixara o coidador. De súpeto sentiuse abatido e desanimado, sen saber moi ben por que. Pero tamén el estaba esgotado pola longa, longuísima viaxe. E nin sequera o animaba o feito de que fora o primeiro.

—Ola —oíu dicir de pronto a unha vociña rechouchiante—, non é o noso amigo Vúschvusul? Que ben que chegase vostede por fin!

O silfo nocturno mirou arredor de si e os seus ollos de lúa acendéronse porque, nunha balaustrada, apoiado negligentemente contra un tarro de flores, estaba Úckuck, o diminutense, axitando o seu vermello sombreiro de copa.

—Uiuiui! —dixo o silfo nocturno desconcertado e, de alí a un anaco, repetiu—: uiuiui! —Simplemente non se lle ocorría nada máis intelixente.

—Os outros dous —explicou o diminutense— aínda non chegaron. Eu estou aquí desde onte pola mañá.

—Como?.. Uiuiui!... é posible? —preguntou o silfo nocturno.

—Ben —dixo o diminutense, sorrindo cun algo de condescendencia—, xa llo dixen: teño un caracol de carreiras.

O silfo nocturno rañou coa súa manciña rosa o negro e enguedellado pelo da cabeza.

—Teño que ver axiña a Emperatriz Infantil —dixo choromicando.

O diminutense mirouno pensativo.

—Mmmm —dixo—, ben, eu solicitei audiencia xa onte.

—Audiencia? —preguntou o silfo nocturno—. Non se pode vela enseguida?

—Temo que non —rechouchiou o diminutense—, hai que agardar moito. Hai... como diría... unha enorme afluencia de mensaxeiros.

—Uiuiui —xemeu o silfo nocturno—, e logo por que?

—O mellor —trilou o diminutense— é que o vexa vos tede por si mesmo. Veña, amigo Vúschvusul, veña!

Puxéronse en camiño os dous.

A rúa principal, que ascendía pola Torre de Almafí nunha espiral cada vez máis estreita, estaba chea dunha mesta multitude de estraños personaxes. Xigantescos innis, ataviados con turbantes, diminutos trasgos, trolls de tres cabezas, ananos barbudos, fadas luminosas, faunos con patas de cabra, mulleriñas salvaxes con pel de vélaro dourado, resplandcentes espíritos das neves e outros seres innumerables subían e baixaban pola rúa, formaban grupos e falaban en voz baixa ou enconicábanse mudos no chan, mirando ante si melancolicamente.

Cando Vúschvusul os viu quedou inmóbil.

—Uiuiui! —dixo—. Que pasa aquí? Que fan aquí todos eses?

—Son mensaxeiros —explicoulle Úckuck en voz baixa—, mensaxeiros de todas as rexións de Fantasia. E todos traen a mesma mensaxe ca nós. Xa falei con moitos deles. Ao parecer, en todas as partes xurdiu o mesmo perigo.

O silfo nocturno ceibou un longo suspiro queixoso.

—E sábese o que é e de onde vén? —preguntou.

—Coido que non. Ninguén o dá explicado.

—E a Emperatriz Infantil?

—A Emperatriz Infantil —dixo o diminutense en voz baixa— está doentiña, moi moi doente. Quizais sexa esa a causa da incomprendible desgraza que se abateu sobre Fantasia. Pero polo de agora ningún dos médicos que están reunidos no recinto do palacio, aí arriba, no Pavillón da Magnolia, puido descubrir por que está doente e que se pode facer para curala. Ninguén coñece o remedio.

—Iso —dixo o silfo nocturno xordamente— é, uiuiui!, unha catástrofe.

—É —respondeu o diminutense—, iso é o que é.

Vistas as circunstancias, Vúschvusul renunciou de momento a solicitar audiencia da Emperatriz Infantil.

De alí a dous días, por certo, chegou tamén Blubb, o fogo fatuo, que, naturalmente, se equivocara de dirección e dera un enorme rodeo.

E finalmente —outros tres días máis tarde— chegou o manxarrocas Pyernrajzark. Veu de a pé, apisoando o chan, porque nun repentino ataque de fame furiosa comera a súa bicicleta de pedra... por dicilo así, como provisión de boca.

Durante o longo tempo de espera, os catro desiguais mensaxeiros fixéronse moi amigos, e tamén despois seguiron xuntos.

Pero esa é outra historia e debe ser contada noutra ocasión.